

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA CINCO DE OUTUBRO DE 2010, CON CARÁCTER ORDINARIO.**

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
Escusan asistencia D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e cinco minutos do día cinco de outubro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o vinte e oito de setembro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.614/10 de dona María Josefa Rey Lamas

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Pedro de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente no cambio do tellado, mediante a colocación de uralita e tella nunha superficie aproximada de 100 m² en planta, situada en Ribeira, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións míni-

mas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con catorce céntimos (#76,14#)

2.2.- Instancia num. 1.32/10 de don Jesús Zas Sinde

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a reforma do tellado da súa vivenda, consistente na substitución da tella por uralita e tella, cunha superficie aproximada de 150 m², situada en Galegos nº 1, en solo de expansión de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

Dáse conta asimismo da autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: axustaranse ás condicións do Ministerio de Fomento; non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais e de acordo co establecido no artigo 3 do R.D 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento catorce euros con vinte e un céntimos (#114,21#)

2.3.- Instancia num. 1.423/10 de dona María Pereira Albela e don José María Rico Junquera

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en Pontevedra, solicitan licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en San Mamede, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 30% da parcela neta; num. Plantas S+B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente inferior a 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado pola arquitecta dona Belén Castaño Montoiro cun orzamento de 158.687,38 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda:

1º.- Conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; en cumprimento do artigo 104 da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de



Galicia, a pedra a utilizar nas fachadas será do país: de acordo co establecido no artigo 29 da citada lei, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución desta e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; e a distancia mínima da fosa séptica e pozos filtrantes respecto dos lindeiros será de 3,00 mts debendo gardar a distancia das aliñacións respecto dos viais

2º.- Así mesmo e á vista do disposto na lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, acéptase a cesión de viais segundo o disposto na documentación presentada ó efecto (310,60 m2).

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento dese imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de tres mil cento setenta e tres euros con setenta e cinco céntimos (#3.173,75#)

2.4.- Instancia num. 1.384/10 de don Julio González Martínez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en León, solicita licenza para proceder á parcelación da parcela num. 233, polígono 507 do plano do catastro, situada en Neira de Abaixo -San Mamede de Ribadulla, en solo rústico de especial protección de augas (R-5) e solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM, en sete parcelas resultantes de acordo co proxecto presentado redactado polo enxeñeiro técnico agrícola don Javier Bellet García.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable da técnica municipal, acorda conceder a licenza para a parcelación da citada finca num. 233, polígono 507 do plano do catastro, nos termos do proxecto presentado, e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesoureiría municipal, e que ascenderon á cantidade de 420,00 euros

3º.- Aprobación, se procede, do prego de cláusulas administrativas para a adxudicación das subministracións incluídas no proxecto de instalación de soportes para colectores de RSU

Dáse conta do prego de cláusulas administrativas para a adxudicación por procedemento negociado con publicidade da subministración de soportes para colectores de RSU, e do prego de prego de cláusulas administrativas para a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade de formigón, incluídas ámbalas dúas subministracións no proxecto de instalación de soportes para colectores de RSU, financiado con cargo ao convenio asinado coa Deputación Provincial.

A Xunta de Goberno acorda aprobar os citados pregos

4º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación da obra de Instalación de ascensor adaptado na Casa de Cultura de Santa Cruz de Ribadulla, incluída no Programa de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2008/2010

Dáse conta da inclusión dentro da última fase do *Programa de Eliminación de Barreiras Arquitectónicas 2008/2010* da obra *Instalación de ascensor adaptado na Casa de Cultura de Santa Cruz* (Orzamento: 47.159,01 euros).



A Xunta de Goberno , de acordo co establecido no artigo 122.3 da lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, acorda adxudicar a citada obra á empresa Promotora Matimán, S.L no prezo de 47.159,01 euros, ó cumprir a citada empresa os requisitos establecidos na base 8 das reguladoras do citado programa (BOP num. 291/08, do 19 de decembro).

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

5.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e catro de setembro do ano que andamos, pola que en relación co expediente de reposición da legalidade respecto das actuacións en curso de execución consistentes na construción de peche da parcela en Paradela

-San Xián de Sales promovidas por dona Carmen Costa Piñeiro, desestímase a alegación presentada pola interesada e ordénase a demolición das mesmas ó tratarse de obras non legalizables no prazo dun mes.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de setembro do ano que andamos, pola que se acorda incoar expediente para a adopción de medidas de reposición da legalidade urbanística respecto das actuacións ilegais que se están a levar a cabo ao parecer por dona Lourdes B. Albor Calviño, consistente na construción dunha fileira de pedras con morteiro sen gardar a distancia regulamentaria do vial municipal e sen dispoñer da preceptiva licenza municipal

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.3.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de setembro do ano que andamos, relativa a limpeza de parcela en Illobre propiedade de don Juan Carlos Quintela Touzón

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de setembro do ano que andamos, pola que se lle concede a praza na gardería municipal aos menores Lucía Senín Lobato e Beltrán Canosa Barco.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.5.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que se acorda solicitar unha axuda para a prórroga do axente de emprego e desenvolvemento local deste concello

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.6.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que dado que don José Ramón López Casal se atopa de baixa, en función das puntuacións obtidas no proceso de selección ordénase a contratación do 1 reserva don Manuel Pereiro Tato como oficial de segunda albanel

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.7.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data un de outubro do ano que andamos, pola que visto o informe favorable emitido por don Javier García Méndez , coordinador de seguridade e saúde durante a execución da obra de Am-



pliación e reforma da gardería municipal, acórdase aprobar o Plan de seguridade e saúde da obra

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5.8.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e oito de setembro do ano que andamos, pola que se lle concede o tratamento de fisioterapia a dona Divina Torre Sánchez durante 35 minutos, sendo a achega da usuaria de 3,24 euros/sesión

A Xunta de Goberno dáse por enterada

Conclúe ó fin das vinte e unha horas e cincuenta minutos

